

COMPOSTA

É un proxecto para promover a **recollida dos residuos orgánicos** (restos de comida e vexetais) que se xeran nos domicilios. Con estes residuos elabórase despois o compost, un fertilizante natural de gran valor, que ten múltiples usos.

É un paso máis no modelo de xestión dos residuos urbanos de Pontevedra, que xa é un referente internacional por avanzado e pioneiro. Este proxecto é a terceira vía do programa de reciclaxe que temos, e que xa se realiza nas illas de compostaxe colectiva que hai na cidade e nos composteiros individuais do rural.

Grazas a COMPOSTA complétase o plan de compostaxe do Concello, para situármonos á vangarda internacional no cumprimento da lexislación europea en materia de xestión dos residuos orgánicos. O obxectivo é acadar entre o 2020 e o 2021 o tratamento do 50% dos biorresiduos cumprindo as normativas europeas, traspostas tanto para a lexislación estatal como na autonómica.



CONCELLO DE
PONTEVEDRA



COMPOSTA

A calidade de vida dun lugar tamén se mide pola maneira de xestionar os seus residuos e niso, ao igual que no modelo urbano, Pontevedra é un exemplo.

Máis información en:
compostaxe.pontevedra.gal

COMPOSTA

Un paso máis
para seguir
por diante



A túa participación é moi importante, porque con ela axudas a protexer o medio ambiente e a seguir mellorando a xestión do lixo no noso concello.

Grazas!

Sabías que...

Compostar é moi importante para a protección do medio ambiente, porque axuda a reducir a cantidade de lixo que acaba nun vertedoiro ou incineradora. Calcúlase que cada persoa que composta os seus residuos orgánicos **aforra 155 quilos de emisións de CO₂ á atmosfera ao ano.**

O COLECTOR MARRÓN

1

Estes días comezarás a ver a carón dos colectores verdes, azuis ou amarelos un **novo de cor marrón**. Nel poderás depositar os residuos **orgánicos dentro dunha bolsa biodegradable**.

APÚNTATE!

2

O noso persoal visitará o teu domicilio para explicarche en que consiste o programa, resolver as túas dúbidas e contarche de que maneira podes participar. Deberás cubrir unha ficha de adhesión que che darán nesa visita.*

E xa está. Non debes facer nada máis. O noso persoal entregaráche todo o que precisas para comezar a reciclar:

- Un paquete de **bolsas biodegradables**.
- Un **caldeiro** especial de 7 litros.
- Unha **chave electrónica** adscrita ao teu enderezo, coa que poderás abrir o colector marrón máis próximo a túa casa.
- Acceso a unha **canle de información exclusiva**.



*A participación no programa é **voluntaria e completamente gratuíta**.*

* Se non vas estar na casa poderás contactar por correo-e en composta@ferrovial.com ou no teléfono **680 595 456** e atenderémote nun breve espazo de tempo.

Tamén podes informarte en: compostaxe.pontevedra.gal

A CHAVE

3

Os colectores estarán pechados e só se poderán abrir coa chave electrónica.

Así evítase que calquera persoa, de maneira equivocada, poida depositar residuos que non sirvan para facer compost de calidade. Isto é importante porque **a presenza de material non biodegradable nos restos pode contaminar o conxunto e facelo inservible**.

Sen horarios

Podes deixar a bolsa no colector marrón en calquera momento do día. A recollida farase de luns a sábado.

QUE PODES DEPOSITAR NOS COLECTORES?



Para obter un compost de calidade é preciso ter en conta que non vale calquera tipo de residuo orgánico. Aquí tes unha guía.

SI



Restos de froita, verdura, carne, peixe, embutidos, espiñas e ósos



Arroces, pastas e pan



Restos de comida cociñada



Escarvantes, paus de xeadro, serraduras, pequenos anacos de madeira e tapóns de cortiza



Restos de infusións, cafés e as súas bolsiñas ou filtros



Restos de papel de cociña, panos de papel e anacos pequenos de cartón



Cáscaras de ovos e froitos secos



Cáscaras de mariscos



Pequenos restos de xardinería

NON



Restos de comida líquidos ou aceites



Medicamentos



Produtos hixiénicos como cueiros, compresas ou tampóns



Excrementos e outros restos de animais



A bolsa da aspiradora, os seus restos ou os de pasar a vasoira



Filtros de cigarros ou cinzas



Tecidos sintéticos e artigos de pel



Residuos destinados á recollida selectiva: papel, cartón, envases, vidro etc.



Elementos destinados ao punto limpo: pilas, pinturas, cristal, madeiras etc.